

"DESEÑA O LOGO DO EQUIPO DE DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA DA EOI DE FERROL"

BASES DO CONCURSO:

- O EDL convoca o concurso "DESEÑA O LOGO DO EQUIPO DE DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA DA LINGUA GALEGA DA EOI DE FERROL".
- Poderá participar todo o alumnado da EOI de Ferrol.
- O tema de traballo para o logo é un símbolo/imaxe ou unha ilustración coas letras: edl-eoi Ferrol, que a xuízo do autor sirvan de imaxe ao edl da EOI de Ferrol.
- As obras presentadas deberán ser orixinais e inéditas, calquera contido empregado para o deseño do logo, así como calquera reclamación en relación cos mesmos, son responsabilidade exclusiva dos autores.
- O logo gañador será utilizado como imaxe institucional e representativa do edl da eoi de Ferrol e poderá utilizarse en todo os documentos oficiais ou memores do centro.
- O logo gañador quedará en propiedade do centro, adquirindo éste os dereitos de imaxe, adaptación e reprodución sobre o mesmo.
- O prazo de presentación comeza o **28 de novembro e remata o 15 de decembro de 2011.**
- Finalizado o prazo de presentación, os deseños expóranse na cafetería da eoi, e no blog andainasdoedl, estarán identificados cun número.
- Haberá un xurado popular a través do blog e un xurado presencial na eoi composto por profesorado, alumnado e persoal non docente.
- No blog haberá un apartado no que se poderá votar polo deseño que máis guste, dende o 16 ata o 20 de decembro.
- **O/A gañador/a recibirá un premio de 60 €.**
- O concurso poderá declararse deserto, se así o estima conveniente o xurado presencial. A decisión do xurado presencial será inapelable.
- A participación no concurso implica a aceptación das bases.
- O xurado dará a coñecer a súa decisión o 21 de decembro.
- A participación neste concurso supón a aceptación destas bases e o ditame do xurado.
- **Presentación dos traballos:**
 - Na conserxería da EOI entregárase un sobre pechado cun pseudónimo no exterior e no interior terá a seguinte documentación:
 - a) O logo presentado a concurso en formato dixital.
 - b) Dentro dun sobre pechado o nome e os apelidos do autor/a, o seu pseudónimo, a lingua e o curso no que está matriculado/a, o enderezo electrónico e un teléfono de contacto.
 - c) A data límite de entrega dos traballos será 15 de decembro de 2011.

O EQUIPO DE DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA DA EOI DE FERROL